



Concello de Crecente

ACTA SESIÓN CONSTITUTIVA da CORPORACIÓN MUNICIPAL e ELECCIÓN DE ALCALDE

Expediente núm.: PLN/2019/7

Órgano colexiado: O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	15 de xuño de 2019
Duración	Desde as 12:03 ata as 12:37 horas
Lugar	SALÓN DE ACTOS
Presidida por	Jorge Vázquez Rey
Secretaria	María Fernández Ojea

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34876320V	Anibal Barreiro Paz	Sí
35766312R	Carlos E. Claro Argibay	Sí
76913673V	Carlos Vallejo Domínguez	Sí
44460770E	David Martínez Fernández	Sí
34877570W	Iván Fernández Faro	Sí
35760161Z	Jorge Vázquez Rey	Sí
76911956W	Julio C. García-Luengo Pérez	Sí
34870314Z	Marisol Gómez Domínguez	Sí
35761449Z	Víctor Paz Rodríguez	Sí
76912577W	Begoña Mariño Rodríguez	Sí
34626536Z	Beningno López Álvarez	Sí



Concello de Crecente

Sesión constitutiva da Corporación Municipal e Elección de Alcalde

Formación da mesa de idade e comprobación de credenciais

A secretaria toma a palabra e procede á lectura do artigo 195 da Lei Orgánica de Réxime electoral Xeral, da conta da acta de proclamación de candidatos e candidatas electos/as nas Eleccións de 26 de maio de 2019, e se constitúe a mesa de idade, presidida por Don Jorge Vázquez Rey, como membro de maior idade da Corporación que presidirá a sesión, e Don Iván Fernández Faro, actuando como secretaria a que o é da Corporación, que indica que os concelleiros e concelleiras presentes na sesión cumpriron previamente os requisitos esixidos no artigos 108.8 da LOREG e o 75.5 da Lei de Bases de Réxime Local.

Xuramento ou promesa e toma de posesión dos novos concelleiros e concelleiras e declaración de constitución da Corporación

Realizada a comprobación de credenciais e visto que concorren a maioría absoluta dos/as concelleiros/as electos/as declárase aberta a sesión e procédese ao XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DOS/AS NOVOS/AS CONCELLEIROS/AS

1. Julio César García Luengo Pérez, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?
 Sí xuro
2. Marisol Gómez Domínguez, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?
 Sí xuro
3. Carlos Vallejo Domínguez, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?
 Sí prometo
4. David Martínez Fernández, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?
 Sí prometo
5. Iván Fernández Faro, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?
 Sí xuro
6. Begoña Mariño Domínguez, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?
 Sí prometo
7. Víctor Paz Rodríguez, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma



Concello de Crecente

fundamental do Estado?

Sí xuro

8. Jorge Vázquez Rey, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?

Sí xuro

9. Carlos Eduardo Claro Argibay (PSOE), xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?

Sí prometo

10. Aníbal Barreiro Paz, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?

Sí prometo

11. Benigno López Álvarez, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?

Sí prometo

Rematada a toma de posesión dos concelleiros e das concelleiras, procédese á elección de Alcalde. Poden ser candidatos D. Benigno López Álvarez, Don Carlos Eduardo Claro Argibay e Don Julio César García Luengo Pérez

Iníciase a votación:

Votos a favor de D. Benigno López Álvarez? 1 voto

Votos a favor de D. Carlos Eduardo Claro Argibay? 2 votos

Votos a favor de Don Julio César García Luengo Pérez? 8 votos

Cun total de 8 votos a favor proclámase alcalde do Concello de Crecente a D. Don Julio César García Luengo Pérez, que procede a tomar posesión do cargo:

D. Don Julio César García Luengo Pérez, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE con lealdade ao Rei e gardar e facer garadar a constitución coma norma fundamental do Estado? - SÍ XURO

Recibe o bastón de mando do Concello de Crecente e ocupa o asento do Presidente procedendo a ceder a palabra aos voceiros do BNG e Partido Socialista.

Intervén Don Benigno López Álvarez, polo BNG, cunha dura crítica ao alcalde iniciando a súa intervención cun "sería de hipócritas felicitalo" e continua denostando a falta de xestión dos últimos anos e invitando ao grupo de goberno a demostrarlle que está equivocado, para rematar amosándose orgulloso de tomar posesión como concelleiro no nome dos veciños de Crecente e do pobo galego.

Intervén Don Carlos E. Claro Argibay, en nome e representación do PSdeG PSOE, que inicia felicitando ao alcalde e ao seu partido, amosando o seu descontento polas prácticas levadas a cabo durante a campaña electoral e facendo autocrítica por facilitar a anterior lexislatura, destacando que hai 40 anos que non muda nada no Concello e que deben de deixar de mirar ao pasado e construír un futuro para os veciños e veciñas, tendendo a man ao goberno se se vai mover nesa dirección e convidando a todos a traballar nese



Concello de Crecente

senso.

Toma o turno de palabra o xa alcalde do Concello de Crecente, Julio César García Luengo Pérez, dando as grazas aos presentes no acto por acompañalo, amosando que é un día especial e final do traballo realizado en equipo nos últimos 4 anos, agarade aos veciños, á familia popular, aos que convidou a traballar arreo dende o luns, ao seu equipo, polo seu compromiso e adicación e pola confianza depositada e faino extensible ao persoal do Concello, rematando a súa intervención cunha adicación especial a súa familia, por estar sempre e polo seu apoio e animando a todos a traballar xuntos para que “Crecente creza”.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE